

# Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 82

ano 13

maio-xuño 2019

## O LEGADO HAXIOGRÁFICO DE BERNARDO DE BRIHUEGA EN OURENSE

O Arquivo Histórico Provincial de Ourense custodia na súa colección de fragmentos de códices medievais un valioso manuscrito da obra haxiográfica de **Bernardo de Brihuega**, un dos máis estreitos colaboradores do rei **Afonso X** (1252-84). A peza en cuestión foi identificada recentemente, aínda que xa se tiña noticia dela desde hai varias décadas grazas ao traballo do bibliógrafo e investigador Antonio Odriozola, quen a identificara previamente, non sen reservas mais con moito tino, como un testemuño da *General estoria* do rei Sabio.

Na verdade, trátase dunha copia en castelán das *Vidas y pasiones de los Apóstoles* conservada en dous fragmentos –un bifolio e unha folla solta– datados de finais do século XIII ou comezos do XIV. Os fragmentos pertencían a un códice haxiográfico moi coidado, de grandes dimensións e con miniaturas proyectadas, seguramente de procedencia rexia, en que se copiaría a tradución castelá íntegra do Libro II –de materia apostólica– da autoría do cóengo e historiador alcarreño.

Neste caso, o contido conservado nos dous fragmentos correspóndese con varios capítulos da vida e paixón de San Tomé, San Marcos e Santo André. Tendo en conta a tradición manuscrita coñecida, estamos ante o **testemuño máis antigo** conservado da obra de Brihuega, da que até agora só se coñecían algunhas copias tardías (datadas desde a segunda metade do XIV até comezos do XVI) en latín, castelán e portugués.

A colección haxiográfica de Bernardo de Brihuega, as *Vitae Patrum*, compilada en latín entre 1270 e 1275 por encargo e baixo o patrocinio do rei Sabio, estaba composta por cinco libros sobre a historia da Salvación e dos seus protagonistas a partir do Novo Testamento: a vida de Xesús e de Santa María (libro I), as vidas e paixóns dos apóstolos (libro II), as paixóns dos mártires (libro III), as vidas dos confesores (libro IV) e as vidas das virxes (libro V). A tradución desta obra para castelán, levada a cabo presumiblemente polo propio Bernardo poucos anos despois (cara a 1275-84), circularía na época como unha obra independente á par


doutras compilacións haxiográficas coetáneas, como a *Legenda aurea* de Jacopo da Varazze (ca. 1260) entre outras. A obra de Brihuega tería sido empregada igualmente como fonte principal para a composición dalgunhas seccións da compilación universal xa citada de Afonso X, a *General estoria*, especialmente no que respecta á Sexta parte, de contido cristolóxico e haxiográfico.



*Vidas y pasiones de los apóstoles* (Libro II)  
545 x 390 mm (bifolio)  
AHPOu, Colección de pergameos (fragmentos), Carp. 3, nº 4/5  
PhiloBiblon BETA manid 4222

## A difusión vernácula da obra de Brihuega

Polo que respecta á recepción e difusión da súa obra, certamente, a tradición vernácula das *Vitae Patrum* tal como hoxe a coñecemos semella parcial e tardía; porén, sabemos que a súa circulación debeu ser moi importante a vulgar polos testemuños conservados en castelán e a súa temperá difusión ao reino portugués. Neste sentido, o novo testemuño do AHPOu axúdanos a reconstruír e coñecer con maior detalle os primordios da **irradiación da obra** de Brihuega nos reinos de Castela-León, Galiza e Portugal desde finais do século XIII e durante as centurias seguintes até o séc. XVI. No tocante á tradición castelá, ademais dun códice fac-



Bifolio de *Vidas y pasiones de los apóstoles* de Bernardo de Brihuega. AHPOu, Colección de pergameos (fragmentos), Carp. 3, nº 4/5.

ticio da segunda metade do séc. XIV con fragmentos dos Libros II e III de Brihuega e que parece proceder dunha primeira redacción romance máis arcaica da que se coñece en **Portugal**, consérvanse dous valiosos manuscritos dos séculos XIV-XV que recollen materia cristolóxica do Libro I, até o momento os dous únicos testemuños coñecidos desta primeira sección das *Vitae Patrum*.

Polo que respecta á súa recepción no Occidente peninsular, aínda que os testemuños conservados tamén son tardíos (séculos XIV-XVI), sabemos que a súa difusión foi moi ampla e temperá, xa desde as primeiras décadas do Trescentos. Hoxe é ben coñecida a tradución íntegra do Libro II, as ***Vidas e paixões dos Apóstolos***, conservada nun coitado códice alcobacense copiado en 1443-44 e nun impreso de 1505 encargado pola raíña dona Leonor de Lencastre, ademais dun fragmento de mediados do século XIV. Por outra parte, tamén se conserva unha versión parcial do Libro III, o ***Livro dos Mártires***, nun post-incunábel impreso en 1513 a instancias do rei Manuel I e nun fragmento do século XV. Para alén da recepción en Portugal da materia apostólica e martirial, tamén temos referencias explícitas nos textos que evidencian a tradución do conxunto completo dos cinco libros proxectados polo Briocense e a súa vinculación coa *General estoria*. Neste sentido, tense demostrado a existencia en Portugal de versións integrais hoxe perdidas dos

Libros II e III, como pouco, desde finais do século XIV e durante a primeira metade do XV, cuxa promoción estaría relacionada con diferentes iniciativas culturais baixo os reinados de João I e D. Duarte. Por outra parte, o **estudo lingüístico** dos testemuños conservados permite confirmar a dupla hipótese de todos eles remitiren en último termo á intensa actividade literaria impulsada no reinado de **D. Dinis** nas primeiras décadas do XIV e de que a dita tradución para galego-portugués non se tería realizado directamente desde o latín mais a través dun modelo xa romanceado.

## A tradición textual dos fragmentos e o seu itinerario cultural

Os fragmentos ourensáns recentemente identificados no AHPOu vincúlanse moi claramente á **tradicón textual occidental**, isto é, ás *Vidas e paixões dos Apóstolos*, tanto coa copia manuscrita de mediados do século XV como co fragmento coñecido do XIV, co que, ademais, mantén unha evidente afinidade codicolóxica. Neste sentido, é moi probábel que os novos **fragmentos achados no AHPOu** constituísen o modelo máis próximo ao testemuño exportado desde Galiza ao reino portugués en época dionisiaca. Mesmo existen razóns sospeitas (de natureza lingüística e sociohistórica) de que este modelo textual chegado á corte do rei trobador fose unha tradución feita en Galiza, hoxe descoñecida, a partir do manuscrito levado a terras ourensás. Non é casual, con certeza, que os fragmentos descubertos no AHPOu fosen reutilizados como capa dun libro de apeo dos bens do convento feminino de **Santa Clara de Allariz**, fundado en 1268 por dona **Violante de Aragón**, muller de Afonso X. Deste modo, a presumíbel procedencia do códice na abadía clarisa allaricense permite reconstruír a recepción e o posíbel itinerario cultural da obra de Brihuega no Occidente trescentista: desde a corte castelá até ao reino portugués pasando primeiro polas terras meridionais galegas, a través posibelmente do espazo cultural transfronteirizo vinculado aos medios señoriais dos **Lima** (áreas tudense e alto-minota), responsábeis doutras empresas culturais naquela altura.

A pesar da importante deterioración dos dous fragmentos conservados no AHPOu, especialmente a folla solta e a cara externa do bifolio, foi posíbel completar a transcripción paleográfica do texto e a reconstrución das zonas máis estragadas por rotura do pergamiño. A edición dos fragmentos está en curso de publicación, así como o estudo do texto confrontado cos diferentes testemuños casteláns e portugueses, o que suporá unha contribución decisiva ás distintas iniciativas editoriais en andamento centradas na transcripción e edición da compilación latina e das versións romances da obra de Bernardo de Brihuega.